

AS CATRO ESTACIONES DA NCSA PRAVIA

Baixo a miña PRAVIA
noutroira cantaban os cegos.

PRAVIA a miña
esposa do inverno
e unha serea
filia do vento
vistechas de branco
cos cabelos helicoidais
falas baixo o teu ceo de neve
no paseo municipal
do brazo do teu castelo
A igrexa está de gela
cos muros vivos
Da súa ornamto,
que nosa con toda a súa
ad a vento fido
de Santo Xosé

Só, baixo a miña PRAVIA,
escoito ós paxaros en loita,
é a PRAVIA, testigo de silencio,
fogar vivo.

O INVERNO

PRAVIA miña,
espida en inverno.
O Santo Simón
fillo do frío,
vísteche de branco,
con folerpas bulideiras.
Tal parez que vas de noiva,
no paseo nupcial,
do brazo do teu castelo.
A Igrexa está de gala,
coa música viva
do seu órgano,
que hoxe non toca ninguén,
só o vento frío ,
do Santo Simón.

A PRIMAVERA

Abanéase a miña PRAVIA,
orfa de follas aínda
nesta primavera tardía,
á sombra do castelo,
afrixida polo vento frío,
chairego, fillo dos cumes,
dos outos do Santo Simón.
Primavera falsa,
cañoto do inverno,
triste.

E a PRAVIA abanéase,
triste.

O VRAO

Qué fermosa estás,
vella PRAVIA.
O manto das tuas follas,
regala sombra,
e cantos de ledicia,
dos teus paxaros,
cal concerto sen acordes.
Qué feliz tes que ser
miña PRAVIA,
dándote á vila,
orgullosa,
espello eterno,
musa dos pintores
en festas do Santo Ramón.

O OUTONO

Por qué choras,
PRAVIA miña.
Coas tuas bágoas
feitas folla
fas alfombra
na tua vila.
Teslle medo ó frío,
vas vella, PRAVIA miña.
Os paxaros fóronse,
e estás triste,
sen o rechouchío.
Non teñas medo,
meu amor.
Eu dareiche a calor
das miñas maos,
e o canto en poesía.
E xuntos os dous,
tí e mais eu,
pasaremos o inverno,
outro inverno.